



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA**

SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACIÓN

Refer.: PCO.001.2024.00650

RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA O PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E O PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DO SEGURO DE ACCIDENTES DO ALUMNADO DO CONSERVATORIO PROFESIONAL DE DANZA DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA, CÓDIGO EXPEDIENTE PCO.001.2024.00650

Don **XOSÉ REGUEIRA VARELA**, Presidente en funcións da Deputación Provincial da Coruña:

RESOLVO:

1. Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas e Técnicas particulares elaborado polo Servizo de Patrimonio e Contratación en data 12 de agosto de 2024, para a contratación do seguro de accidentes do alumnado do Conservatorio Profesional de Danza da Deputación provincial da Coruña, nas seguintes condicións:

1.1. Información do contrato:

1.1.1. Tipo de contrato: outros (privado)

1.1.2. Procedemento: aberto con multiplicidade de criterios

1.2. Prazo de vixencia: Dous anos desde as cero horas do día 14 de setembro de 2024 ata as vinte e catro horas do 13 de setembro de 2026, prorrogable ata un máximo de dous anos máis.

1.3. Orzamento anual: 12.000,00 €; orzamento total para dous anos:24.000,00 €

1.4. O financiamento do contrato poderá efectuarse con cargo á aplicación orzamentaria 0112/3261/22499 do seguinte modo:

Anualidade	Presuposto	Número de operación
2024 (curso 2024/2025)	12.000,00	RC 220240038753
2025 (curso 2025/2026)	12.000,00	RCP 220249000509

Por tratarse dun gasto de carácter plurianual estes gastos financiaranse conforme o disposto no artigo 174 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

O contrato queda suxeito á condición suspensiva da existencia de crédito adecuado e suficiente para financiar as obrigacións derivadas do contrato no exercicio correspondente.

2. Dispoñer que o referido contrato se adxudique mediante procedemento aberto con multiplicidade de criterios de valoración, todos eles de apreciación automática, e tramitación urgente, para posibilitar a formalización do contrato con antelación á data prevista para o inicio da vixencia.